



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 176/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE XUÑO DE 2017.

- 1.- Ratificación da urxencia.

BENESTAR SOCIAL

- 2.- Expediente de contratación do servizo de seguridade e accesibilidade para o baño en praias de persoas con mobilidade reducida do Concello de Vigo. Expte. 142108/301.

DEPORTES

- 3.- Proposta de autorización para a organización da "I Travesía Nocturna Concello de Vigo" o vindeiro día 24 de xuño de 2017. Expte. 15912/333.
- 4.- Proposta de autorización para a organización da XXXIV Carreira de San Xoan o vindeiro día 23 de xuño de 2017. Expte. 15758/333.

FESTAS

- 5.- Expediente para a contratación da prestación de servizos para actuación artística do grupo de pop nacional La Oreja de Van Gogh no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017. Expte. 7003/335.
- 6.- Expediente para a contratación da prestación de servizos para actuación artística do grupo de rock internacional "The Pretenders" no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017. Expte. 6998/335.
- 7.- Expediente para a contratación da prestación de servizos para actuación artística de Miguel Bosé no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017. Expte. 6981/335.
- 8.- Expediente para a contratación da prestación de servizos para actuación do artista internacional Carlos Vives no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017. Expte. 6985/335.
- 9.- Expediente para a contratación da prestación de servizos para actuación do Grupo Internacional "Crystal Fighters" no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017. Expte.6986/335.

SERVIZOS XERAIS

- 10.- Proposta de adxudicación da contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e Humanización e transformación peonil da actual rede viaria, susceptible de ser cofinanciado polo FEDER. Expte. 4468/440.

URBANISMO

- 11.- Convenio expropiatorio para a obtención por mutuo acordo e ocupación dos terreos afectados polo Proxecto de ampliación das instalacións do Instituto Ferial de Vigo (IFEVI). Expte. 255/413.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **22 de xuño de 2017, ao remate da sesión ordinaria convocada para a mesma data**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez